



## FEIRA SIRHA LYON 2023



19-23 de xaneiro de 2023



Eurexpo Lyon, Francia



[www.sirha-lyon.com](http://www.sirha-lyon.com)

A Feira SIRHA LYON, que se celebra cada dous anos en Lyon (Francia), é un salón no que a gastronomía e os produtos gourmet cobran especial relevancia. A pesar de celebrar a súa edición anterior durante as complicacións de Covid-19, SIRHA entregou cifras de asistencia e vendas excepcionalmente altas en 2021. Algúns dos datos que resumen a súa última edición son os seguintes:

- 2.116 expositores e marcas
- 149.100 profesionais
- 350 novos produtos e innovacións.

SIHRA 2023 mostrará unha ampla gama de produtos, con categorías de alimentos, panadería e confección, café e bares e bebidas espirituosas. A feira serve como unha excelente oportunidade para facer negocio cunha ampla gama de clientes, que van desde profesionais de restaurantes tradicionais ata operadores de grandes cadeas.

Sirha consolidouse coma o evento máis importante para o sector Horeca en Francia. Nas últimas edicións, a presenza internacional creceu de forma notable na feira ata consolidar SIRHA coma unha das principais feiras francesas.

O Clúster Alimentario de Galicia, en colaboración con FIAB, está a organizar a **participación agrupada de ata cinco empresas socias nun stand do pavillón español Feira SIRHA LYON**, entre os días 19 e 23 de xaneiro de 2023.

O deseño, as especificacións de cada stand e o que inclúe a cota de participación pódese consultar neste [documento elaborado por FIAB](#).

Ao custe final poderanse aplicar as subvencións ao abeiro do Programa Galicia Exporta e/ou de Foexga, segundo as condicións establecidas conxuntamente polo Clusaga e a Cámara de Comercio de A Coruña.

O Clusaga asemade organiza un **webinar o vindeiro venres 23 de setembro ás 13.00 horas** para explicar as condicións de participación na Feira SIRHA LYON, as modalidades de subvención e as posibles dúbidas que poidan xurdir ás entidades interesadas en participar na feira.

**INSCRICIÓN AO WEBINAR**

### Máis información

A acción de Clusaga inclúe a xestión da viaxe (voo e aloxamento) e exposición na feira. O posible apoio aos custos de viaxe e aloxamento está suxeito a resolución duna subvención por parte do IGAPE nos programas Galicia Exporta ou Foexga, así como a un número mínimo de empresas interesadas.

As empresas socias de Clusaga que desexen participar na Feira SIRHA LYON deben inscribirse a través do formulario que aparece a continuación. Para calquera aclaración ou información adicional, pódese contactar con Clusaga no correo [international@clusaga.org](mailto:international@clusaga.org) ou no teléfono 881 043 687.

**INSCRICIÓN NA FEIRA SIRHA LYON**